



**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO
ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR**

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022 pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares, o vindeiro **día 23**, mércores, en horario de **13:00 a 15:45 horas**, celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do CEIP San Miguel de Reinante. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar: Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito **corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous**.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo **dun nome** das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

Candidatas que se presentan:

- Vanesa Río Rodríguez
- M^a Rosario Pérez Gómez

A dirección anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo mércores, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

San Miguel de Reinante, 17 de novembro de 2022.
O DIRECTOR DO CENTRO,

Asdo.: Francisco Vidal Villameitide